

ASUNTO: RESOLUCIÓN DO 28 DE FEBREIRO DE 2025 DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ORZAMENTARIA E CONTRATACIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE SINALA A DATA PARA O LEVANTAMENTO DAS ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN, TRÁMITE DE URXENCIA, PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE CONSTRUCCION DAS OBRAS DE ESTABILIZACIÓN DE NOIROS NO PORTO DE MANIÑOS-BARALLOBRE (FENE-A CORUÑA).

Xunto co presente, seguindo instrucións do Subdirector Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, e de acordo co artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, remítese exemplar da resolución que se cita no ASUNTO para os efectos da súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello ata o momento previsto para o levantamento das actas previas á ocupación, ás **10 horas do día 25 de marzo do 2025.**

Lugo, a 28 de febreiro de 2025
O Xefe da Zona Norte de Portos de Galicia

Antonio López Fernández

CONCELLO DE FENE
Juventino J. Trigo Rey, Alcalde do Concello
Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n
15500 Fene – A Coruña



“ RESOLUCIÓN DO 28 DE FEBREIRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE SINALA A DATA PARA O LEVANTAMENTO DAS ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN, TRÁMITE DE URXENCIA, PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE CONSTRUCCION DAS OBRAS DE ESTABILIZACIÓN DE NOIROS NO PORTO DE MANIÑOS-BARALLOBRE (A CORUÑA).

O artigo 28 do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu apartado 2 a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

O proxecto das obras que se citan no encabezamento foi aprobado o 20 de setembro de 2024 polo Presidente de Portos de Galicia, que de acordo coa súa normativa de creación, ten neste expediente a condición de beneficiario coas facultades de impulso do expediente, e, para tal efecto, elevou a correspondente proposta de expropiación á Consellería do Mar que ostenta a condición de administración expropiante.

A relación de bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación, que foi sometida a información pública, aparecen recollidos e valorados no devandito proxecto.

Por medio do Decreto 9/2025, do 20 de xaneiro, publicado no DOG nº 25, do 6 de febreiro do 2025, o Consello da Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras estabilización de noiros no porto de Maniños-Barallobre (A Coruña).

Na súa virtude, e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, esta Subdirección Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar designada para actuar como representante da Administración Expropiante, resolve convocar aos titulares das parcelas parcialmente afectadas pola expropiación forzosa urxente que se reflicten no anexo I á presente resolución, para que comparezan na casa do Concello de Fene ás 10 horas do día 25 de marzo de 2025 para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os bens ou dereitos afectados, e, de se-lo caso, os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes, estarán a disposición dos interesados no Concello de Fene e na Zona Norte de Portos de Galicia sita na Rúa Pastor Díaz 13, 1º, Lugo.

A este acto deberán acudir os titulares afectados que se identifican no Anexo I persoalmente, ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de



identidade e último recibo da contribución, e podendo comparecer pola súa conta ou, a súa costa, acompañados polos seus asesores, peritos e/ou notario.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, os interesados, así como as persoas que sexan titulares de dereitos reais ou intereses económicos que se houberan podido omitir na relación anexa, poderán formular por escrito ante a Secretaría Municipal do Concello ou a Xefatura da Zona Norte de Portos de Galicia, ata o día sinalado para o levantamento da acta previa, cantas alegacións estimen oportunas aos efectos de subsanar os posibles erros da mencionada relación.

O presente anuncio se notificará individualmente aos interesados identificados, e será tamén obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, nun dos diarios de maior circulación da provincia respectiva e no taboleiro de anuncios do Concello.

Xúntase á presente resolución como Anexo I a relación de parcelas e propietarios afectados pola expropiación.

Santiago de Compostela, a 28 de febreiro do 2025.

O Subdirector Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación da Secretaría Xeral
Técnica da Consellería do Mar,

Roberto Corbal González ”

ANEXO I
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA EXPROPIACIÓN.

Identificación Parcela. Ref catastral.	Población y Municipio.	Propietario	Domicilio.	Caract.	Sup catastral terreno y sup. afectada M2
5326854NJ61	Maniños-	Crego	CM Bouza de Pena 1	Rural	765,00 m2





52N0000KF	Barallobre. Fene.	Culebras Cesar. DNI: ***7848**	15500 Fene (A Coruña)		
53268A1NJ61 52N0001HG	Maniños- Barallobre. Fene.	Aradas Carril María Dolores, Freijomil Aradas Laura, Freijomil Aradas Adrián. DNI: ***1999**, ***1522**, ***1522**	Rúa da Estrada Castela 47 Es:1 Pl:04 Pt:DR 15403 Ferrol (A Coruña)	Rural	128,50 m2
5326895NJ61 52N0001RG	Maniños- Barallobre. Fene.	Rodríguez Meizoso Adelaida DNI:	CM Bouza de Pena 1 15500 Fene (A Coruña)	Rural	147,00 m2.
5326874NJ61 52N0001UG	Maniños- Barallobre. Fene.	Lemos Montanet María del Carmen. DNI: ***1321**	CR da Palma 113 15528 (A Coruña).	Rural	37,00 m2.
5326894NJ61 52N0001KG	Maniños- Barallobre. Fene.	Crego Culebras Cesar	CM Bouza de Pena 1 15500 Fene (A Coruña)	Rural	285,00 m2

